

A última fronteira



OS ROMANOS

No anterior capítulo de “As pegadas da nosa cultura” os valentes castrexos íanse enfrontar ás lexións de veteranos soldados romanos , acompañados dunha chea de xente auxiliar.




A EXPEDICIÓN CHEGA AO RÍO MIÑO E AO ATLÁNTICO

Décimo Xuño Bruto foi o Procónsul que decidiu facer unha expedición ás terras situadas ao Noroeste de Hispania. Ó chegar ao río Limia (Ourense), as súas lexións non querían atravesalo, (daquela non había pontes) pois crían que era o río Letes. Segundo a mitoloxía romana éste tiña a facultade de borrar a memoria de quen o cruzase. Bruto arremangou os calzóns, e dende a outra beira foi chamando un por un a todos os lexionarios.

HOXE EN DÍA ESA FACULTADE, "DESMEMORAR", TÉÑENA AS "MAQUINITAS" E A TV.

Transit flumen aut radere
anglorum, Octavio




Velaiquí tes un debuxo máis parecido á realidade.



NESTA E SUCESSIVAS EXPEDIÇÕES, OS ROMANOS FIXERON UN ESTRAGO IMPORTANTE NAS TRIBOS ASENTADAS NOS CASTROS, PERO AÍNDA NON AS TIÑAN VENCIDAS.



A Decimo Xuño Bruto "O Galaico", chamado así por ser o primeiro romano en chegar a estas terras, déuselle unha tarde, xa no solpor, por ir á praia, e viu como o sol desaparecía no mar. Isto para un romano que naquel tempo imaxinaba que o horizonte era coma o fin do mundo... foi unha sorpresorum terrorificorum. Arrepiado de medo, mandou formar ás tropas e retirouse co rabo entre as pernas. FISTERRA



Xúpiter, Iuno et deorum!!!! END MUNDI
Diolaaaa! Vou rapidae contarllelorum ó
emperatum.




Paspán!

Ésta tamén é máis real



Os romanos, ademais de intelixentes, creativos, esforzados, disciplinados e excelentes conquistadores, eran teimudos. Tiveron que facer varias expedicións ata conseguir acabar coa resistencia. Entre éstas destaca a que fixo, o que logo sería emperador, Xulio César.



César, ademais de conquistar Brigantia, (A Coruña) decatouse de que Gallaecia era rica en minerais; principalmente ouro. Cando se enteraron en Roma faltoulle tempo para enviar enxeñeiros de minas.


Me cagho na ghata da Marilus!.
Levo carrexando dende o mencer,
e xa me doen os cadrís.

Dádelle caña!
Papamoscas! Lacazáns!
Nugalláns!

Se non fose polo
lexionario ... Ías recibir
unha andanada de...



Primeiramente os romanos só viñeron a esquilmar as vetas de ouro. Necesitados dunhas boas vías de comunicación coa capital do imperio, construíron pontes, estradas...



Ponte de Ourense



Calzada romana



A televisión lévase mal coa creatividade.

A civilización pouco a pouco foi afectando a todo o que antes era castrexo. A xente deixou de construír as casas circulares e cubertas de palla e xestas e pasouse á moda romana.

Por outra banda, os campamentos militares ían medrando até se converteren en auténticas cidades como a de Lugo, unha das máis importantes.



Claudiooooo!. Merquei este xurelo para facer ó forno. A que hora saes do traballo?

Aínda me queda unha miga.



A estas terras, ademais dos lexionarios, viñeron xente civil: taberneiros, administradores, procuradores, alfareiros...


Os castrexos, á forza da vecindade e intercambio de obxectos e comida, foron collendo amizade con eles ; mudando e aprendendo as formas romanas, chegando incluso a casar entre eles.

Divinum vinum
albariñae,
Rapatundas

Ego vos amo,
bonitorum
mulier

Este lexionarium non
ten mala pintorum.

Chup,
chup,
chup!



Velaiquí tedes outras imaxes do bo entendemento entre estas dúas culturas, e como se van romanizando os castrexos.

Asado ó espeto cunha mazá na boca , unas poucas herbas restregadas polo lombo e unhas billós ;está de rechupetorum.



Esta é vidorrum ,Caésar .
Desta non vai quedar ningún piollae vivo. Teño os pinreles quentiños!.
Despois convidovos a unhas cervisiam in domi .



Durante os séculos de romanización Galicia adquiriu un sentimento de pobo único, unha lingua (o Latín) e unha cultura moi adiantada para aquela época. Foron séculos de esplendor . Logo , fomos conquistados por outros pobos..., pero iso xa pertence a outra etapa da nosa historia.

Termas
Bande



Campamento romano- Bande



As Burgas- Ourense

O IMPERIO ROMANO NO SEU MÁXIMO ESPLENDOR

